



CAMPO A TRAVES



1. NORMAS XERAIS

A tempada de Campo a Través 2009/2010 rexirase polas seguintes normas:

1. Distancias

Distancias máximas recomendables, segundo normativa da RFEA, para tódalas competicións oficiais dentro de cada mes e categoría:

HOMES	SENIOR	PROMESA	JUNIOR	XUVENIL	CADETE	INFANTIL	ALEVIN	BENXAMIN
NOVEMBRO	9.000	9.000	6.000	5.000	4.000	2.500	1.500	Entre 1.000 e 2.000 m.
DECEMBRO	10.000	10.000	6.500	5.500	4.500	3.000	2.000	
XANEIRO	11.000	11.000	7.000	6.000	5.000	3.500	2.500	
FEBREIRO	12.000	12.000	7.500	6.500	5.500	4.000	3.000	
MARZO	12.000	11.000	8.000	6.500	6.000	4.500	3.500	

MULLERES	SENIOR	PROMESA	JUNIOR	XUVENIL	CADETE	INFANTIL	ALEVIN	BENXAMÍN
NOVEMBRO	6.000	6.000	4.000	3.000	1.600	1.100	800	Entre 800 e 1500 m.
DECEMBRO	6.500	6.500	4.500	3.500	1.900	1.400	1.100	
XANEIRO	7.000	7.000	5.000	4.000	2.200	1.700	1.400	
FEBREIRO	7.500	7.500	5.500	4.500	2.500	2000	1.700	
MARZO	8.000	8.000	6.000	5.000	3.000	2.500	2.000	

2. CAMPIONATO GALEGO JUNIOR, PROMESA E ABSOLUTO DE CAMPO A TRAVÉS, INDIVIDUAL E POR EQUIPOS

Carballo, 31 de xaneiro do 2010

Art.1) O Excmo. Concello de Carballo e a Federación Galega de Atletismo organizarán o vindeiro Domingo día 31 de xaneiro do 2010 o **Campionato de Galicia de Campo a Través junior, promesa e absoluto individual e por equipos**. A proba terá lugar no Parque empresarial de Carballo.

Art.2) Para o Campionato, a título individual, realizaranse as seguintes clasificacións: *Absoluto (1990 e anteriores), promesa (1988, 1989 e 1990) e junior (1991 e 1992) tanto en homes coma mulleres*. E para a clasificación por equipos utilizaranse as seguintes categorías: *sénior (1987 e anteriores) promesa (1988, 1989 e 1990) e junior (1991 e 1992) tanto en homes coma mulleres*.

Art.3) Poderán intervir todos aqueles atletas das citadas categorías que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2009/10) por algún Club pertencente a Galicia.



CAMPO A TRAVES



2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertezan a Clubes doutras Comunidades Autónomas.
3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

Según acordo de Asemblea para optar a medalla os atletas estranxeiros deben cumprir as seguintes condicións:

- a. Ter ficha por un club galego a lo menos nas tres últimas tempadas (incluída a actual).
- b. Estar censados nalgún concello de Galicia.
- c. Ter licencia pola FGA.

Art.4). Realizarase unha clasificación individual e outra por equipos en cada unha das categorías. Para poder puntuar por equipos cada Club deberá clasificar a 4 corredores/as que formen o equipo. Cada club terá dereito a formar un só equipo por cada categoría. E da mesma maneira existirá un título honorífico ao club que obteña a mellor puntuación sumando os puntos da categoría masculina e da feminina en cada unha das categorías establecidas do campionato

Art.5) A forma de clasificación por equipos será a seguinte:

1. Confeccionarase unha lista de chegada formada polos atletas que compoñen os equipos (ata un máximo de 6), con exclusión dos que non teñan clasificado ó menos a 4 atletas, agás na categoría junior e promesa feminina que será de 3 atletas.
2. Esta lista só estará formada polos atletas dos Clubes que teñan enviado á Federación Galega no prazo previsto.
3. A cada atleta atribuiráselle un número de puntos coincidente co posto que ocupe segundo esta lista de chegada.
4. Sumaranse os puntos dos 4 mellores clasificados de cada equipo, agás na categoría júnior e promesa feminina que será de 3 atletas.
5. Proclamarase vencedor o equipo que obteña o menor número de puntos.
6. Os empates a puntos resolveranse a favor do equipo cuio carto (terceiro en júnior e promesa Mulleres), teña terminado máis preto ó gañador da proba.
7. Os atletas promesas en ningún caso puntuarán para a clasificación por equipos senior.

Art.6) Realizarase unha clasificación individual nas categorías absoluta, junior e promesa e unha clasificación por equipos nas categorías: senior, promesa e junior.

Art.7). Horarios e distancias aproximadas de cada unha das carreiras:

CAMPIONATO GALEGO DE CAMPO A TRAVÉS			
HORA	CATEGORÍA	SEXO	DISTANCIA
11:00	Júnior	Mulleres	5.000 m. aprox.
11:40	Júnior	Homes	6.500 m. aprox.
12:15	Senior-Promesa (*)	Homes	11.000 m. aprox.
13:10	Senior-Promesa (*)	Mulleres	7.000 m. aprox.



(*) Os/as atletas veteranos/as poderán participar como atletas da categoría senior e formar equipo, a tódolos efectos.

Art.8) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da FGA www.atletismogalego.org antes do mércores día 27 de xaneiro ás 20:00 horas.

Art.9) Os Delegados oficiais dos Clubes, poderán retiralos seus dorsais, ata 45 minutos antes da saída de cada proba na secretaría de competición. Pasado este período non se admitirá a participación do atleta.

Art.10) A orde de colocación dos respectivos equipos na saída establecerase por sorteo.

Art.11) Tódolos atletas deberán pasar por cámara de chamadas 15 minutos antes da saída de cada proba.

Art.12) Entregaranse medallas ós tres primeiros atletas clasificados a nivel individual así como trofeos ós tres primeiros equipos clasificados en cada unha das categorías.

Art.13) Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase de acordo cas normas da I.A.A.F.

3. CAMPIONATO GALEGO DE CROSS CORTO POR CLUBES

Ourense, 17 de xaneiro do 2010

Art. 1)- A Delegación da FGA en Ourense organizará o **Campionato Galego de cross corto por clubes** o domingo 17 de xaneiro do 2010 en **Ourense no circuito de Monterrei**.

Art. 2)- Poderan participar atletas das categorías **promesa** (nados en 1988, 1988 e 1990), **senior** (nados en 1987 e anteriores ata veteran) e **veteráns** (dende o día que cumpren 35 anos).

Art. 3)- Poderán intervir todos aqueles atletas das citadas categorías que se atopen en algunha das seguintes condicións:

3.1.- Atletas que ficharan durante a tempada actual (2009/10) por algún Clube pertencente a Comunidade Galega.

3.2.- Atletas con ficha pola FGA, inda que pertezcan a Clubes de outras Comunidades Autónomas.

3.3.- Atletas nacionais ou extranxeiros convidados expresamente pola FGA, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

3.4.- Admitirase a participacion a titulo individual sempre e cando o atleta se inscriba en prazo e forma non optando a premio

Art.4). Realizarase soamente unha clasificación por equipos conxuntamente con todas as categorías (absoluta) tanto en homes coma en mulleres. E da mesma maneira existirá un título honorífico ao club que obteña a mellor puntuación sumando os puntos da categoría masculina e da feminina. Para poder puntuar por equipos cada Club



CAMPO A TRAVES



deberá clasificar a 4 corredores/as que formen o equipo. Cada club terá dereito a formar un só equipo por cada categoría.

Art.5) A forma de clasificación por equipos será a seguinte:

8. Confeccionarase unha lista de chegada formada polos atletas que compoñen os equipos (ata un máximo de 6), con exclusión dos que non teñan clasificado ó menos a 4 atletas.
9. Esta lista só estará formada polos atletas dos Clubes que teñan enviado á Federación Galega no prazo previsto.
10. A cada atleta atribuiráselle un número de puntos coincidente co posto que ocupe segundo esta lista de chegada.
11. Sumaranse os puntos dos 4 mellores clasificados de cada equipo.
12. Proclamarase vencedor o equipo que obteña o menor número de puntos.
13. Os empates a puntos resolveranse a favor do equipo cuio carto clasificado teña terminado máis preto ó gañador da proba.

Art.6) Horarios e distancias aproximadas de cada unha das carreiras:

CAMPIONATO GALEGO DE CROSS POR EQUIPOS			
HORA	CATEGORÍA	SEXO	DISTANCIA
12:50	Senior-Promesa	Mulleres	4.000 m. aprox.
13:15	Senior-Promesa	Homes	4.000 m. aprox.

(*) *Os/as atletas veteranos/as poderán participar como atletas da categoría senior e formar equipo, a tódolos efectos.*

Art.7) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da FGA www.atletismogalego.org, como data límite o mércores anterior a competición, ata as 20'00 horas do día **13 de xaneiro**.

Art.8) Os Delegados oficiais dos Clubes, poderán retiralos seus dorsais, ata 45 minutos antes da saída de cada proba na secretaría de competición. Pasado este período non se admitirá a participación do atleta.

Art.9) A orde de colocación dos respectivos equipos na saída establecerase por sorteo.

Art.10) Tódolos atletas deberán pasar por cámara de chamadas 15 minutos antes da saída de cada proba.

Art.11) Entregaranse trofeos ós tres primeiros equipos clasificados en cada unha das categorías.

Art.12) Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase de acordo cas normas da I.A.A.F.



4. CAMPIONATO GALEGO CADETE E XUVENIL DE CAMPO A TRAVES INDIVIDUAL E POR EQUIPOS

Ourense, 17 de xaneiro do 2010

Art. 1) A Delegación da FGA en Ourense organizará o **Campionato Galego cadete e xuvenil individual e por equipos de campo a través** o domingo 17 de xaneiro do 2010 en **Ourense no circuito de Monterrei**.

Art. 2) O Campionato disputarase na categoría **cadete** (anos 1995-96) e **xuvenil** (anos 1993-94) (homes e mulleres).

Art. 3) Poderán intervir todos aqueles atletas das citadas categorías que se atopen en algunha das seguintes condicións:

3.1.- Atletas que ficharan durante a tempada actual (2009/10) por algún Clube pertencente a Comunidade Galega.

3.2.- Atletas con ficha pola FGA, inda que pertezcan a Clubes de outras Comunidades Autónomas.

3.3.- Atletas nacionais ou extranxeiros convidados expresamente pola FGA, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

Art. 4) Realizarase unha clasificación individual e outra por equipos en cada unha das categorías. Para a clasificación por equipos terase en conta os seis primeiros atletas que cheguen á meta e sumaranse os postos dos catro primeiros. Asemade existirá un título honorífico ao club que obteña a mellor puntuación sumando os puntos da categoría masculina e da feminina.

Art. 5) A clasificación por equipos realizarase da seguinte forma:

5.1.- Confeccionarase unha lista de chegada formada polos atletas que compoñen os equipos, con exclusión dos que non clasificaron a lo menos 4 atletas.

5.2.- Esta lista somentes estará formada polos atletas dos clubes que enviaran a inscrición a FGA no prazo previsto.

5.3.- A cada atleta se lle atribuirá un número de puntos coincidente co posto que ocupe segundo esta nova lista de chegada.

5.4.- Sumaranse os puntos dos 4 mellores clasificados de cada equipo, salvo na categoría cadete e xuvenil mulleres que soamente computarán as 3 mellores clasificadas.

5.5.- Será proclamado vencedor o equipo que obteña o menor número de puntos.

5.6.- Os empates a puntos resolveranse a favor do equipo cuio cuarto (terceiro na categoría cadete e xuvenil mulleres) atletas terminara máis próximo ó vencedor da proba.

Art. 6) Horarios e distancias aproximadas de cada unha das carreiras.

CAMPIONATO GALEGO DE CAMPO A TRAVES CADETE-XUVENIL			
HORA	CATEGORIA	SEXO	DISTANCIA
12.00	CADETE-XUVENIL	Mulleres	3.400 m. aprox.
12.20	CADETE-XUVENIL	Homes	5.400 m. aprox.



Art. 7) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da FGA www.atletismogalego.org, como data límite o mércores anterior a competición, ata as 20'00 horas do día **13 de xaneiro**.

Art. 8) Os Delegados oficiais dos Clubes, poderán confirmar a composición dos seus equipos, así como retirar os seus dorsais, ata 40' antes da saída de cada proba. Rematado este período non se admitirá a participación do atleta.

Art. 9) A orde de colocación dos respectivos equipos na saída establecerase por sorteo.

Art. 10) Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas clasificados a nivel individual así coma trofeos os tres primeiros equipos.

Art. 11) Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase da acordo coas normas da IAAF.

5. MEMORIAL ALEJANDRO LORENZO DE CATEGORIAS MENORES

Ourense, 17 de xaneiro do 2010

Art. 1) A Delegación da FGA en Ourense organizará o **XIII Memorial Alejandro Lorenzo de Campo** a Través o domingo 17 de xaneiro do 2010 en **Ourense no circuito de Monterrei**.

Art. 2) O Memorial está destinado para as seguintes categorías: benxamín (2001-2002), alevín (1999-2000) e infantil (1997-1998) (homes e mulleres).

Art. 3) Poderán intervir todos aqueles atletas das citadas categorías que se atopen en calqueira das seguintes condicións:

- 3.1.- Atletas que ficharan durante a tempada actual (2009/10) por algún Clube pertencente a Comunidade Galega.
- 3.2.- Atletas con ficha pola FGA, inda que pertenzan a Clubes de outras Comunidades Autónomas.
- 3.3.- Atletas que posúan licencia en vigor co Deporte Escolar da Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

Art. 4) Realizarase unha clasificación individual e outra por equipos en cada unha das categorías. Para a clasificación por equipos terase en conta os seis primeiros atletas que cheguen á meta e sumaranse os postos dos catro primeiros. Asemade existirá un título honorífico ao club que obteña a mellor puntuación sumando os puntos da categoría masculina e da feminina.

Art.5) A forma de clasificación por equipos será a seguinte:



CAMPO A TRAVES



- 5.1.- Confeccionarase unha lista de chegada formada polos atletas que compoñen os equipos, con exclusión dos que no clasificaran a lo menos 4 atletas.
- 5.2.- Esta lista somentes estará formada polos atletas dos clubs que enviaran a inscrición á FGA no prazo previsto.
- 5.3.- A cada atleta se lle atribuirá un número de puntos coincidente co posto que ocupe segundo esta nova lista de chegada.
- 5.4.- Sumaranse os puntos dos 4 mellores clasificados de cada equipo.
- 5.5.- Será proclamado vencedor o equipo (Clube ou Colexio) que obteña o menor número de puntos.
- 5.6.- Os empates a puntos resolveranse a favor do equipo cuio cuarto atleta terminara máis próximo o vencedor da proba.

Art. 6) Horarios e distancias aproximadas de cada unha das carreiras.

MEMORIAL ALEJANDRO LORENZO DE MENORES			
HORA	CATEGORIA	SEXO	DISTANCIA
10.30	BENXAMIN	Mulleres	800 m. aprox.
10.35	BENXAMIN	Homes	800 m aprox.
10.45	ALEVIN	Mulleres	1.500 m. aprox.
11.00	ALEVIN	Homes	2.000 m. aprox.
11.20	INFANTIL	Mulleres	2.000 m. aprox
11.40	INFANTIL	Homes	2.750 m. aprox

Art. 7) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da FGA www.atletismogalego.org, como data límite o mércores anterior a competición, ata as 20:00 horas do día **13 de xaneiro**.

Art. 8) Os Delegados oficiais dos Clubs, poderán confirmar a composición dos seus equipos, así como retirar os seus dorsais, ata 40' antes da saída de cada proba. Rematado este periodo non se admitirá a participación do atleta.

Art. 9) A orde de colocación dos respectivos equipos na saída establecerase por sorteo.

Art. 10) Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas clasificados a nivel individual así coma trofeos aos tres primeiros equipos.

Art. 11) Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase da acordo coas normas da IAAF.